

18,00 h.: DARÍO XOHÁN CABANA
Manuel María e algunhas reflexións
sobre a poesía nos clubs de lectura

Cal é o significado de Manuel María na construción da literatura galega? Merece especial atención a súa obra poética primeira – nomeadamente *Morrendo a cada intre e Advento*– na vangarda da súa xeración, e tamén a súa poesía para a infancia –o libro precursor *Os soños na gaiola* e logo *As rúas do vento ceibe*–. Estes poemarios adquiren un especial valor para a lectura colectiva nos clubs de lectura, tanto de persoas adultas (os primeiros) coma de nenas e nenos (os segundos). Manuel María posúe unha singular experiencia infantil de ter participado nun “club de lectura” de poesía en lingua galega que mantiña os sábados pola tarde na escola de Rábade o mestre Xoán Bautista Núñez cando o futuro poeta tiña nove e dez anos. Esta experiencia anticipa a conveniencia da lectura de poesía nas escolas. Temos argumentos a prol da lectura de poesía nos clubs de adultos tamén, xa que a lectura en común dos textos poéticos axuda a superar as dificultades iniciais do achegamento ao xénero nas persoas non afeitas a el.

Darío Xohán Cabana (Roás - Terra Chá, 1952). Fixo o bacharelato en Lugo. Manuel María foi o seu primeiro mestre de literatura. Traballou nas Edicións Castrelos de Vigo con Xosé María Álvarez Blázquez. Desde 1987 é funcionario do Concello de Lugo, no que actualmente traballa como Coordinador de Publicacións. Tamén desde 1987 colabora diariamente en *La Voz de Galicia* cun encrucillado en galego. É membro do Consello de Redacción da revista de pensamento crítico *A Trabe de Ouro* que dirixe Méndez Ferrín. No 2006 ingresou como membro numerario na Real Academia Galega. Ten publicados uns cincuenta libros (poesía, narrativa, ensaio sobre temas literarios, lingüísticos e históricos), e recibiu máis de sesenta premios literarios. Pola súa primeira tradución d'*A Divina Comedia* foille outorgada a medalla de ouro de Florencia no ano 1991. Traduciu tamén Petrarca, os poetas do Dolce Stil Novo e os trobadores occitanos medievais.

Alguns dos títulos de poesía son *Vinte cadernos* (Poemas 1969-2002) ou *Cabalgada na brétema*. En narrativa, *Galván en Saor*, *Vidas senlleiras*, *O cervo na torre* ou *Morte de rei*.

Na narrativa infantil e xuvenil, *As aventuras de Breogán Folgueira* e *As viaxes do príncipe azul*.


Bibliotecas
escolares
de Galicia



<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

Sexamos testemuñas atentas e
mediadores entusiastas

Geneviève Patte



10.15 h.:
PREMIO DOS CLUBS DE LECTURA 2016
LEDICIA COSTAS



Por resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 23 de abril de 2015, establécese o Premio dos Clubs de Lectura que, anualmente, recoñecerá á autora ou autor galego máis lido polos clubs de lectura no curso precedente. Formalizarase o galardón na Xornada dos Clubs de Lectura que cada ano se celebra no final do curso académico, coa participación do profesorado que coordina os clubs de lectura en centros de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanza de persoas adultas. O Premio dos Clubs de Lectura 2016 é para Leticia Costas, a autora galega máis lida polos clubs de lectura no pasado curso 2014/2015.

Leticia Costas Álvarez (Vigo, 1979). Licenciada en Dereito, empezou moi nova no mundo da literatura, escribindo as súas primeiras novelas en plena adolescencia. É unha das coordinadoras da revista dixital *Criaturas*, dedicada á Literatura Infantil e Xuvenil de Galicia. Gañou o Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil de España en 2015, pola súa obra *Escarlatina, a cociñeira defunta*.

Na literatura infantil e xuvenil ten escrito: *Unha estrela no vento*, *O corazón de Xúpiter*, *Xardín de inverno* (poesía), *Recinto Gris*, *Escarlatina*, *A cociñeira defunta*, *Inmundicia e Roñoso*, *Esmeraldina*, *a pequena defunta*.

Ten publicada unha novela para adultos, titulada *Un animal chamado néboa*.

Xunto con Pere Tobaruela (asinan como Pereledi) escribiu: *Desaparición*, *Mortos de Ningures*, *Letras de xeo*, *Ouro Negro*.

Ademais do Premio Nacional de literatura ten recibido, entre outros, o Premio Merlín de Literatura Infantil de 2014 por *Escarlatina. A cociñeira defunta*; o Premio Lazarillo de Creación Literaria en 2015, por *Jules Verne e a vida secreta das Femmes Plante* ou o Premio Antón Losada Diéguez de Creación literaria en 2016 por *Un animal chamado néboa*.

10.30 h.: A lectura en galego no marco da
hibridación editorial. Manuel Bragado

Manuel Bragado Rodríguez (Vigo, 1959). Licenciado en Ciencias da Educación e mestre de educación infantil e primaria. Director xeral de Edicións Xerais de Galicia. Colaborador en distintos medios de comunicación como o *Faro de Vigo*. Mantén o blog *bretemas.gal*. Membro da plataforma ProLingua.



centro autonómico
de formación e innovación

<http://www.edu.xunta.es/web/cafi/7>

11,45 h.: Mesa de experiencias Club de lectura e rutas literarias

Planificación de visitas, encontros e rutas literarias no contexto dos clubs de lectura. A presenza da lectura nestas actividades.

- **Paula Conde Méndez.** Fundación Curros Enríquez (Celanova, Ourense)
- **M^a Xosé Jiménez.** IES de Rodeira (Cangas, Pontevedra)
- **Sonia Ces.** IES Porto do Son (Porto do Son, A Coruña) e **Pedro Lamas.** IES Aquis Celenis (Caldas de Reis, Pontevedra)

13,00 h.: Recórdao ti e recórdallelo aos aoutros... O Vigo de 'Cabalos e lobos'. Fran P. Lorenzo

Fran P. Lorenzo (Vigo, 1973) é xornalista, da primeira promoción de profesionais formados na universidade galega, e dedícase á información cultural nas páxinas de El Correo Gallego. Traballou para os dous diarios en lingua galega (O Correo Galego e Galicia Hoxe) e participou na fundación do dixital Dioivo (2012/2013). Posgrao en xestión cultural pola Universitat Oberta de Catalunya, mantén o blog *Un país en lata*. Coa súa primeira novela, *Cabalos e lobos*, recibiu en 2014 o XXXII Premio Blanco Amor.

Como se artella un roteiro urbano a partir dos espazos sobre os que se constrúe a novela *Cabalos e lobos*? O verso de Luis Cernuda, esa obriga expresada nun verso do seu poema 1936, é o que alenta este percorrido intitulado Memoria, política e cidade. A visita, que atravesa os lugares desa ficción, tamén pretende dialogar coa magoada memoria da cidade e dos seus espazos perdidos.



PUNTO DE INTERCAMBIO DE LIBROS

Estará habilitado un PUNTO DE
INTERCAMBIO DE LIBROS

- ✓ Podes deixar un libro teu e levar outro dos que estea dispoñible.
- ✓ Antes de deixar un libro, ponlle un adhesivo recordatorio da IX XORNADA DE CLUBS DE LECTURA na que participaches.
- ✓ Revisa se o libro que levas tamén ten o adhesivo.

16,00h.: Obradoiros de poesía e outros

Poeta Sala	Título	Alguns datos
Raúl Vacas Sala Obradoiro (400 persoas)	"Por las ramas"	Chega desde Salamanca. Licenciado en Ciencias da Información e Diplomado en Educación Social, desempeña labores de edición, animación e xestión cultural e colabora con diversos medios de comunicación e revistas literarias. Escribiu <i>Consumir preferentemente</i> , <i>Esto y ESO</i> , <i>Señal</i> , <i>Niños raros</i> ou <i>Abecé diario</i> entre outros.
Carlos Negro Sala 4 (70 persoas)	"Ler poesía tampouco é para tanto"	Profesor de galego e poeta. Ten publicado os seguintes poemarios: <i>as laranxas de alí babá</i> , <i>Far-west</i> , <i>Héleris</i> , <i>Cultivos transxénicos</i> , <i>Makinaria e Penúltimas tendencias</i> . No 2016 vén de publicar, <i>Masculino singular</i> . Escribiu tamén <i>Abelcebú</i> , un dicionario de carácter satírico.
Rosalía Fernández Rial Sala 8 (70 persoas)	"Expresión dramática e teatral para traballar a poesía nas aulas"	Licenciada en Filoloxía. Como poeta, ten publicado <i>En clave de sol</i> , <i>Átonos</i> , <i>Vinte en escena</i> , <i>Un mar de sensacións</i> . Ningún amante sabe conducir ou os colectivos <i>Catálogo</i> , <i>Follas de Carballo</i> e <i>Contos de Taberna</i> . Títulos cos que se metamorfosea en presentacións performánticas e musicais.
Mesa de experiencias Sala 10 (70 persoas)	Xéneros e temáticas "para valentes"	- Club de lectura Manga intercentros. Francisco Zea Álvarez. IES A Paralaia (Moaña) - "Poetízate" cos clubs de lectura o Anxos Rial Vidal. IES de Poio (Poio) o José M^a Lores. IES San Paio (Tui)

Blogues dos clubs de lectura: LER EN MANCOMÚN

<http://lerenmancomun.blogspot.com>



LIBROS A EITO (banco de libros)

<http://librosaeito.blogspot.com>

